

TAXA POLA APERTURA E VERIFICACIÓN DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Sanxenxo establece a taxa pola apertura e verificación de establecementos a que se refire o artigo 20.4.i do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden o previsto no artigo 57 do devandito Real Decreto.

Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa as actividades municipais, tanto técnicas como administrativas, tendentes a verificar se os establecementos industrias, mercantís ou análogos reúnen as condicións esixidas polas ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación para o outorgamento da licenza así como a realización das actividades de control nos supostos nos que a esixencia de licenza estivera substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

2. Ós efectos da aplicación desta taxa, considerarase apertura:

- a) Os primeiros establecementos.
- b) A variación ou ampliación da actividades desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte as condicións sinaladas no número 1 deste artigo esixindo unha nova verificación das mesmas.

3. Entenderase por establecemento industrial, mercantil ou análogo que require a presentación dunha comunicación previa e declaración responsable ou, no seu caso, a obtención da licenza para a súa apertura, toda edificación habitable, aberta ou non ó público que non se destine exclusivamente a vivenda e que:

a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesán, da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ó imposto de actividades económicas.

b) Aínda sen desenvolverse en aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas en forman que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo, almacéns, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais, estudos, oficinas, despachos ou calquera outra análoga.

Artigo 3º.- SUXEITO PASIVO.

Serán suxeitos pasivos obrigados ó pago desta taxa, as persoas físicas ou xurídicas e demais entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, desenvolvida en calquera establecemento industrial, mercantil ou análoga.

Artigo 4º.- RESPONSABLES.

1. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- BASE IMPOÑIBLE

Constitúe a base imponible desta taxa unha cantidade calculada de acordo a algún dos seguintes apartados:

1. A cota do Imposto Municipal sobre actividades económicas.
2. Se por aplicación do procedemento previsto no apartado anterior non fose posible determina-la base imponible se considerará como tal a renda anual que corresponda ó establecemento, e se determinará observando as seguintes regras:
 - a) Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou titular dunha concesión administrativa sobre o establecemento, a renda anual será a que resulte de aplica-lo tipo de interese legal do Banco de España ó valor catastral que dito establecemento teña sinalado no Imposto sobre Bens Inmóveis.
 - b) Nos demais casos, a renda anual será a que se satisfaga por cada establecemento, por razón do contrato de arrendo, subarrendo, cesión ou calquera outro título que ampare a súa ocupación, con inclusión dos incrementos e cantidades asimiladas á renda, no seu caso. Se no contrato apareceran pactadas diferentes rendas para períodos distintos, tomarse como base a maior, inda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores á solicitude da licenza. Cando a renda pactada sexa inferior á que resultase de aplicar a regra 1 anterior, tomarase como base imponible esta última.
 - c) Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación do mesmo, espazos destinados a vivenda e a establecemento suxeito á Taxa, a base deste último será a

que proporcionalmente a súa superficie lle corresponda no importe total da renda anual que, conforme ás regras precedentes, se impute a dito local.

d) Cando se trate da ampliación do establecemento, a base imponible será a renda anual que corresponda á superficie en que se ampliou o local, calculada de acordo ó previsto nas regras anteriores.

3. Alternativamente a base imponible poderá coincidir coa tarifa ou tipo de gravame, cando o mesmo sexa unha cantidade fixa, en razón do tipo de establecemento, segundo o principio tributario de proporcionalidade e segundo a tipoloxía, metros cadrados de superficie e outros elementos indiciarios.

Artigo 6º.- COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 7º.- DEVINDICACIÓN

1. A taxa devindícase e nace a obriga de contribuír ó se iniciar a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da solicitude de licenza de apertura ou na data de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable cando se trate de actividades non suxeitas á autorización ou control previo; isto é, coa iniciación do expediente que corresponda.

2. Cando a apertura do establecemento se realizase sen ter solicitado previamente a oportuna licenza ou presentado a comunicación previa ou declaración responsable, a taxa devindicarase ó se iniciar a actividade municipal para determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do procedemento administrativo que se instrúa para autorizar a actividade ou resolver o peche do local.

3. A obriga de contribuír non se verá afectada, en modo algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 8º.- EXENCIONES E BONIFICACIONES

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da taxa

Artigo 9º.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- As persoas interesadas no desenvolvemento de actividades nun establecemento industrial, comercial ou análogo deberán presentar no Concello a solicitude de licenza, a comunicación previa ou a declaración responsable nos impresos habilitado ó efecto pola administración municipal, especificando a actividade ou actividades que pretenda desenvolver no local e abonando a autoliquidación pertinente nas entidades bancarias debidamente acreditadas, o que se deberá xustificar no intre da presentación da solicitude.

2.- O pago da autoliquidación presentada polo interesado terá carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que proceda.

3.- Si non se acredita o pago do importe da taxa, non se tramitará a solicitude de licenza, cando esta sexa preceptiva.

4.- Se despois de efectuada a solicitude de licenza de apertura ou presentada a comunicación previa ou declaración responsable se variase o ampliase a actividade do local, se alteran as condicións proxectadas ou se amplía o local, estas modificacións deberán comunicarse á administración municipal, coas mesmas características que no apartado 1.- do presente artigo.

5.- Se no proceso de comprobación que realicen os servizos técnicos se detecta que a actividade que se pretende desenvolver non se corresponde coa solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable, o interesado, de ser o caso, practicará a liquidación complementaria que proceda.

6.- Unha vez concedida a licenza ou cursada visita de inspección ó local no que quede comprobado o cumprimento da normativa esixible practicarase a liquidación definitiva da taxa que proceda.

Artigo 10º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.S.

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, aplicarase o réxime establecido na Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

TARIFAS:

A) Supermercados ou hipermercados:

De menos de 120 m²: 363,79 euros

De 121 a 300 m²: 608,51 euros

De 301 a 500 m²: 788,21 euros

De 501 a 700 m²: 1.091,38 euros

De 701 a 1000 m²: 1.576,43 euros

De máis de 1000 m², cóbranse 1.576,43 euros máis 5,87 euros por cada metro cadrado que sobrepase os 1000 m².

Enténdese por supermercado ou hipermercado o establecemento comercial que venda directamente ó público, polo sistema de autoservizo e posterior pagamento en caixa, produtos que sexan encadrables en máis de dúas categorías, por exemplo, alimentación, droguería, téxtil, papelería, electricidade, etc.

B) Cooperativas: 363,79 euros

C) Economatos: 363,79 euros

D) Tendas de produtos de alimentación en xeral: 363,79 euros

E) Carnicerías: 242,51 euros

F) Panaderías: 242,51 euros

G) Pastelerías: 242,51 euros

H) froiterías: 242,51 euros

I) Peixerías: 242,51 euros

J) Outros establecementos de alimentación: 242,51 euros

K) Outros establecementos de alimentación que constitúan actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño): 303,16 euros

- L) Tendras de produtos textís e calzado, confección, tecidos ou mercerías:** **242,51 euros**
- M) Tendras de produtos de droguería, ferraxería, electrodomésticos, tendras de cristais ou cristalerías, xogueterías, xoierías, librerías, papelerías e demais establecementos comerciais:** 242,51 euros
Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño): 303,16 euros
Cando as superficies excedan de 200 m² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m² ou fracción.
- N) Pequenos establecementos comerciais como talleres de costura, perruquerías, xastrerías, zapaterías, salóns de beleza, carpinterías de madeira ou metal, venda e transformación de materiais de construción e similares:** 242,51 euros
Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño): 363,79 euros
Cando as superficies excedan de 200 m² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m² ou fracción.
- Ñ) Para calquera outro establecemento comercial non reflectido nos apartados anteriores:** 242,51 euros
Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño): 303,16 euros
Cando as superficies excedan de 200 m² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m² ou fracción.
- O) Gasolineiras:** 848,83 euros
- P) Lavado e engraxe de vehículos, taller de electricidade do automóbil, mecánica do automóbil, reparación e mantemento de buques, reparación de maquinaria e vehículos agrícolas ou industriais e similares:** 485,04 euros
Cando as superficies excedan de 200 m² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m² ou fracción.
- Q) Bancos, axencias de seguros, farmacias, centros recreativos e de ensino privados, axencias inmobiliarias, clínicas médicas, autoescolas, ximnasia, videoclubes, establecementos de cibernética, salas de xogo, clínicas veterinarias, ópticas e similares:** 424,42 euros
Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño): 485,04 euros
Cando as superficies excedan de 150 m² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m² ou fracción.

R) Os establecementos de hostalería, aloxamento, recreación e espectáculos:

424,42 euros

Se a capacidade excede de 150 persoas engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada tramo de capacidade a maiores de 25 persoas ou fracción.

(A estes efectos considerárase capacidade as camas de hospedaxe, cadeiras para os establecementos de restauración e espectáculos, e, subsidiariamente, para superficies non limitables por cadeira se considerará un aforo de 2 persoas por metro cadrado útil (pistas de baile, zonas de acampada e similares).

S) Todo xénero de establecementos fabrís:

606,32 euros

Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño):

848,83 euros

Cando as superficies excedan de 750 m² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 100 m² ou fracción.

T) Depósitos e almacéns de todo tipo:

606,32 euros

Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño):

848,83 euros

Cando as superficies excedan de 750 m² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 100 m² ou fracción.

U) Granxas de animais destinados á comercialización ou transformación de calquera xénero, matadoiros, frigoríficos industriais e similares:

606,32 euros

Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño):

848,83 euros

Cando as superficies excedan de 750 m² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 100 m² ou fracción.

V) Locais non incluídos en ningún apartado anterior:

242,51 euros

Se constitúen actividades suxeitas ó procedemento de avaliación de incidencias ambientais (RD 133/08 de 12 de xuño):

303,16 euros

Cando as superficies excedan de 200 m² engadirase unha cota adicional de 29,32 euros por cada 50 m² ou fracción.

W) Depósitos de gas propano ou similares:

303,16 euros

NOTA: Cando os establecementos vaian a desenrolar varias actividades tomarase como a de referencia só a principal. Exemplo: unha gasoleira ou estación de servizo que teña servizo de lavado de vehículos ou tenda, só se lle aplicará a tarifa propia de gasoleira.

Pleno de 29.09.14